

CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A CREACIÓN DUN ESPAZO PARA A INNOVACIÓN DO XORNALISMO E DA COMUNICACIÓN EN GALEGO

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2023

SUBSCRIBEN

Dunha parte, Silvia Valdés Díaz de Freijo, secretaria xeral de Medios, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do disposto na disposición adicional primeira, do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Doutra parte, D. Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 56, do 22 de marzo de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Ambos interveñen, no exercicio das facultades que legalmente lles outorgan os cargos que desempeñan, recoñecéndose mutuamente lexitimación para subscribir o presente convenio, e

EXPOÑEN

I. O Decreto 108/2022, do 16 de xuño, determina a estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, entre os que figura a Secretaría Xeral de Medios.

A Secretaría Xeral de Medios é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia encargado de executar a política xeral da Xunta de Galicia en materia de medios de comunicación e audiovisual.

A Disposición adicional primeira deste Decreto establece que "quedan desconcentradas nas persoas titulares das secretarías xerais dependentes da Presidencia, (...) as competencias: (...) administrar os créditos de gastos dos orzamentos do seu centro directivo. Aprobar e comprometer gastos (...), recoñecer as obrigas económicas e propoñer o seu pagamento, as demais competencias atribuídas ás persoas titulares das consellerías en materia orzamentaria, agás o capítulo I (...), todas as facultades que a normativa vixente na materia atribúe aos órganos de contratación, así como a formalización de convenios (...), a aprobación das bases, a convocatoria e as resolucións en materia de axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia (...)".

II. A Universidade de Santiago de Compostela (USC) é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a

transferencia do coñecemento, de acordo co establecido no seu estatuto, aprobado mediante Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro.

III. Considérase de interese público e social que a Universidade de Santiago de Compostela poida mellorar a formación e poñer en valor os coñecementos prácticos do seu alumnado, impulsando as súas capacidades e conectando o seu traballo coa sociedade grazas ao uso das novas tecnoloxías.

IV. A través deste convenio contribuírase á innovación no xornalismo e na comunicación en lingua galega, mellorando a formación práctica do alumnado nestas áreas, e visibilizando o seu talento creativo.

Na súa virtude, as partes acordan subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto a posta en marcha e funcionamento do espazo web FaCom-USC, aberto ao alumnado da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, no que poderán exhibir as súas creacións, traballos e proxectos escritos e audiovisuais.

Este espazo web permitirá dar visibilidade aos proxectos realizados polos estudantes de Xornalismo e Comunicación Audiovisual, facilitándolles un espazo para a súa publicación, fomentando así a súa creatividade e innovación, e preparándoos para o futuro ámbito laboral.

Enténdese como un espazo complementario (e intermedio) entre as prácticas das aulas, as prácticas externas nas empresas e as saídas profesionais.

Segunda. Beneficiario

A Universidade de Santiago de Compostela é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, de acordo co establecido no seu estatuto, aprobado mediante Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro.

Terceira. Procedemento de concesión

A aportación económica por parte da Secretaría Xeral de Medios tramitarase a través dunha subvención en réxime de concesión directa, de acordo co artigo 19.4.c) da Lei 9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), *"poderanse conceder de forma directa as seguintes subvencións: (...) c) Con carácter excepcional aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulte a súa convocatoria pública."*

A concesión desta subvención instrumentase a través do presente convenio, nos termos establecidos no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (RSG).

Cuarta. Crédito orzamentario

A concesión desta axuda financiarase con cargo á aplicación 04.20.461A.444.0 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2023, por importe de 9.876,00 euros.

Quinta. Gasto subvencionable

A determinación dos gastos subvencionables realizarase conforme ao establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Considéranse gastos subvencionables os seguintes:

Concepto
Adquisición de dominio e aloxamento web
Deseño da web
Almacenaxe audiovisual
Equipamento informático

Sexta. Pagamento. Pagos anticipados e réxime de garantías

1. Para o pagamento da axuda a Universidade de Santiago de Compostela deberá xustificar documentalmente coa data límite do 15 de decembro do 2023 o cumprimento do convenio, para o que achegará a seguinte documentación:

- Certificado da intervención ou do órgano da entidade que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade dos gastos incorridos e do cumprimento da finalidade para que foi concedida esta axuda.
- Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. Estas certificacións acreditativas poden ser substituídas pola declaración responsable do beneficiario, de acordo co establecido no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- Conta bancaria para o pagamento.

2. Non obstante, a Secretaría Xeral de Medios poderá realizar pagos anticipados por un máximo de 7.900,00 euros con carácter previo á xustificación, co fin de que a USC poida levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, de acordo co establecido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. A USC estará exenta da constitución de garantía, de acordo co establecido no artigo 65 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sétima. Obrigas da entidade beneficiaria

A USC queda obrigada a:

- a. Reintegrar, total ou parcialmente, a axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e en todo caso nos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b. Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar a Secretaría Xeral de Medios, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, para o que achegarán canta información lles sexa requirida.
- c. Dar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que se deriven da execución das actividades que se subvencionan.
- d. Acreditar con anterioridade á sinatura do convenio, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, que está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma.
- e. Non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria das axudas recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- f. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamente a concesión da subvención.
- g. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.
- h. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación aplicable á Universidade de Santiago de Compostela, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- i. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- j. Subministrar toda a información necesaria para que a Secretaría Xeral de Medios cumpra coas obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, logo do correspondente requirimento, e en virtude do disposto no artigo 4 da citada lei.

Oitava.- Compatibilidade

Esta axuda será incompatible con outras subvencións ou axudas concedidas para a mesma finalidade por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

Novena. Modificación da concesión e reintegro da subvención

1. Toda alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas, para a mesma finalidade, por

outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación da concesión.

2. O incumprimento das obrigas contidas nas cláusulas deste convenio ou na normativa aplicable, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora producidos desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde o reintegro nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Ao abeiro do disposto no artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade que se vai minorar serán os seguintes:

a. O incumprimento total dos fins para os cales se concedeu a axuda ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.

b. Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os cales se concedeu a axuda e dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, de ser o caso, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.

4. A tramitación do expediente de reintegro realizarase de acordo co procedemento establecido no capítulo II do título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Décima. Infraccións e sancións

A entidade beneficiaria queda suxeita ao réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo primeira. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións.

2. Os datos básicos relativos a este convenio serán publicados de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

3. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da citada lei.

Décimo segunda. Vixencia. Prórroga

O presente convenio estará vixente dende a data da súa sinatura e ata o 15 de decembro de 2023, e non será prorrogable.

Décimo terceira. Protección de datos

Ambas as partes asumen as obrigas que lles corresponden derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) (DOUE L 119 di 4.5.2016), e pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo cuarta. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por catro persoas, dúas en representación da Secretaría Xeral de Medios, das que unha exercerá a presidencia, e dúas en representación da Universidade de Santiago de Compostela.

A comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

Esta comisión actuará segundo o previsto no capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Non obstante, serán resoltas pola persoa titular da Secretaría Xeral de Medios todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida.

Décimo quinta. Réxime xurídico

As cuestións litixiosas xurdidas serán resoltas pola Secretaría Xeral de Medios, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase presentar recurso potestativo de reposición, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Poderá interpoñerse directamente recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo sexta. Normativa de aplicación

É de aplicación:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- O Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (RSG)

- Os preceptos con carácter básico da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e do seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

**POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

O reitor

Antonio López Díaz

(Asinado dixitalmente)

POLA XUNTA DE GALICIA

A secretaria xeral de Medios

Silvia Valdés Díaz de Freijo

(Asinado dixitalmente)